

D. Francisco Marín Muñoz

Presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil

Monforte de Lemos a 25 de setembro de 2012

Estimado Sr. Marín:

Diríxome a vostede para transmitirllle a miña preocupación polo estado que presenta o río Cabe ó seu paso por Monforte de Lemos, preocupación que comparte a maior parte da cidadanía,

Dende hai uns meses o tramo urbano do río, especialmente entre a pasarela do Malecón e a Ponte Nova, atópase invadido por troncos procedentes do arrastre, por algas e plantas de diversa índole e por innumerables restos de maleza, o que lle outorga un aspecto lamentable e pouco saudable.

Ademais do deplorable aspecto visual que nos ofrece o río Cabe coa presenza de todos estes restos, descoñezo ata que punto pode afectar tamén á saúde das súas augas e, polo tanto, a tódalas formas de vida que nel se desenvolven.

Por iso, solicítolle que o organismo de cunca que vostede preside proceda de maneira urxente a limpar o cauce do río Cabe no seu tramo urbano de Monforte de Lemos.

Seguro de que a Confederación Hidrográfica Miño Sil actuará de maneira rápida e dilixente para solucionar este problema de carácter medio ambiental, agardo a súa pronta resposta á miña solicitude.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo

Asdo.:

Severino Rodríguez Díaz

Alcalde de Monforte de Lemos